



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Jorge Cubela López, Alcalde-Presidente do Concello de Cerdedo- Cotobade, actuando como órgano de contratación

Motivo :Xustificación da necesidade de contratación de servizo de limpeza de instalación municipais.

INFORMO:

Que o Concello de Cerdedo-Cotobade dispón de edificios propios para a prestación dos servizos públicos e realización das súas competencias, ademais colabora coa Xunta de Galicia no mantemento e conservación de edificios destinados a centros de educación primaria. As citadas instalacións deben ser limpadas e mantidas en condicións axeitadas para o seu correcto uso, especialmente aquelas que se están utilizando por nenos e bebés, como é o caso do colexio público e a gardería.

Visto que o concello de Cerdedo- Cotobade non conta con capacidade suficiente para executar a acción por falta de medios propios, xa que non conta con suficiente persoal para a realización das labores de limpeza en todas as dependencias que lle corresponde, nin con os medios técnicos e materiais precisos para a súa execución.

Decídese non dividir en lotes os traballos, posto que a división en lotes podería dar lugar a que os mesmos fosen de tan pouco valor económico que non se considerasen rendibles para as empresas e que as ubicacións e características dos locais dificulten que os licitadores se presenten o contrato.

Deste modo, compre aclarar, que hai varias instalacións como o local multisocial, auditorio e museo, aulas de música e manualidades, pavillón e ximnasio e antiga cámara agraria que non se utilizan todos os días pero que débense limpar despois das actividades que se realicen, polo que a división en lotes do contrato podería dar lugar a que non compense ás empresas o desprazamento para limpar unha única instalación. Ademais, os locais atópanse espallados polo termo municipal, dificultando a súa división en lotes.

Cerdedo-Cotobade
(Asinado dixitalmente á marxe)

P3600048G

